

## INTRODUCCIÓN

Só debes utilizar unha escada de man para ascenso e descenso a un determinado lugar cando, debido a que non se debe acceder periodicamente, non conta con medios de acceso fixos para facelo: escaleiras fixas, escalas, etc.

A utilización das escadas de man como postos de traballo deberá limitarse ás circunstancias nas que a utilización doutro equipo de traballo máis seguro non estea xustificada, polo baixo nivel de risco e/ou polas características da localización.

Esta xustificación deberá vir recollida na avaliación de riscos da túa empresa.

No mercado existen diferentes equipos de traballo que che permitirán realizar as túas tarefas de forma máis segura naqueles casos nos que exista risco de caída:

- Equipos manuais telescópicos
- Plataformas elevadoras (PEMP)
- Estadas
- Torres de traballo
- Etc.

Comproba o seu estado e a ausencia de defectos que poidan diminuír a súa resistencia.

En solos inclinados ou con desniveis comproba que dispón de patas regulables.

## ANTES DO USO

1

Verifica que non é posible a realización dos traballos dende o chan usando ferramentas con mango telescópico ou utilizando outros medios de elevación máis seguros ca á escada (PEMP, estadas...)

2

Comproba que a escada é apta para o uso profesional.

### USO PROFESIONAL



### USO NON PROFESIONAL



3

Non realices traballos usándoas se non tes a formación adecuada para elo.

4

Asegúrate de que é axeitada para a tarefa que se vai realizar (lonxitude, illante para traballos con risco de tensión eléctrica...)

# NON CAIAS DA ESCADA

PREVENCIÓN DE RISCOS NAS ESCADAS

ISSGA.XUNTA.GAL

## NON CAIAS DA ESCADA

Edita: Issga - Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia - DL: C 1776-2022



INSTITUTO DE  
SEGURIDADE E SAÚDE  
LABORAL DE GALICIA

INSTITUTO DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL DE GALICIA

issga.xunta.gal

# NON CAIAS DA ESCADA

PREVENCIÓN DE RISCOS NAS ESCADAS



XUNTA  
DE GALICIA

## COLOCACIÓN DA ESCADA

- Antes de colocar unha escada **¡MIRA AO TEU ARREDOR!**. Comproba que non haxa perigos que poidan afectar a túa **seguridade**: tráfico (a pé ou en vehículos), portas que se abran cara á escada, condutores eléctricos...
- Se vas ocupar vías ou zonas de paso **senaliza e acota o teu lugar de traballo**. Debes permitir que os vehículos poidan reaccionar con seguridade.

- Nunca posiciones a súa parte superior sobre elementos inestables (cables...)
- **Comproba os postes e apoios antes de colocar a escada**. Non a apoies en postes ou elementos dos que teñas dúbidas sobre a súa resistencia ou estabilidade.
- Cando a apoies contra unha parede ou outro elemento, debes separar a parte inferior 1 metro da parede por cada 3 metros de altura útil.
- Asegúrate de que a estabilizaches correctamente, que as zapatas de apoio non van esvarar e que está asegurada fronte á enforcadura.



### Máis seguridade

Escada amarrada nas partes superior e inferior.

Evita superficies sucias e escorregadizas. Emprega zapatas antiesvaradías.

A escada sempre nivelada e apoiada sobre unha superficie firme.

## USO DA ESCADA

- Cumpre sempre as especificacións e limitacións indicadas polo fabricante.
- Non a coloques sobre elementos tales como bidóns, bovedillas, vehículos, pemp, cazos de pas, etc... co fin de chegar máis alto.
- Se a sitúas próxima a ocos ou desniveis deberás dispor de sistemas de protección adicionais (tapar o oco, redes verticais...).

- Usa unha escada extensible, nunca unhas dúas para facer unha máis longa.
- Fíxate nas condicións climatolóxicas.
- Realiza os traballos en altura sempre acompañado.

- Cando a utilices para acceder a un nivel superior, deberá ter a lonxitude suficiente para sobresaír cando menos un metro do punto de desembarco.

Nunca a recoloques subido a ela.

- Non desembarques dunha escada de apoio sen comprobar que medidas preventivas adicionais debes adoptar.



- Non subas demasiado arriba: a parte superior da escada debe quedar aproximadamente á altura da túa cintura, para poder suxeitarte con facilidade en caso necesario.
- Sube e baixa sempre de fronte a ela.



Evita desequilibrios: o corpo na vertical da escada, entre os mastros.

Baixa e recoloca a escada se tes que estirarte para chegar a un punto.

Na escada só unha persoa



Non leves obxectos nas mans mentres sobes ou baixas. **Transpórtaos en elementos adecuados (bolsas, portaferamentas, cordas de servizo...)**



- Utiliza un sistema anticaídas para controlar o risco de caída, especialmente se vas ter os pés a máis de dous metros de altura:

- emprego dun arnés de seguridade cun dispositivo anticaídas. escorregante, para amarrarte a unha liña de vida enganchada a un punto de ancoraxe seguro que cumpra a norma UNE-EN 795.
- Outros medios de protección equivalente.

- Nas escadas de apoio, débense utilizar as dúas mans para realizar algún traballo:

- Asegúrate de que se atopa inmobilizada (por medio de cordas ou outros sistemas)
- Usa un posicionador ou amarre de suxeición (UNE-EN 358) como terceiro punto de apoio.

- En escadas de tesoiras, procura agarrarte a ela cunha man mentres traballas coa outra.

### Máis seguridade

Escadas de tesoiras con plataformas de traballo e varandas.

Sempre tres puntos de apoio durante o uso.

### Menos seguridade

Posicionarte a ambos lados á vez nunha escada de tesoiras.

### • Revisión e mantemento

Revisa as escadas antes de cada uso e periodicamente segundo as indicacións do fabricante. Convén que dispoña dun adhesivo ou outro medio que acredite a súa revisión.

